



**EMENDAS PRESENTADAS POLOS GRUPOS PARLAMENTARIOS
ALTERNATIVA GALEGA DE ESQUERDA AO PROXECTO DE LEI DE CAZA
DE GALICIA (NUM. EXPE. 09/PL-000011).**

Emenda nº1, ao apartado 2, de Substitución. Artigo 5

Débese substituir no punto 2 a seguinte expresión:

“coa arma descargada” por “sen armas nin cans”

Emenda nº2, ao apartado 6, de Adición. Artigo 9

Débese engadir un novo punto co seguinte texto:

"6. Calquera propietario dunha parcela cinexética poderá impedir a caza nas parcelas da súa propiedade cunha simple comunicación á consellaría competente en caza. Estas parcelas pasarán a considerarse zonas de exclusión."

Emenda nº3, ao apartado 2, de Substitución. Artigo 11

Débese substituir no punto 2. a seguinte expresión:

“menor de dez anos” por “menor de cinco anos nin superior a vintecinco anos”.

Emenda nº4, de Substitución. Artigo 12

Débese substituir a totalidade do artigo polo seguinte texto:

"No caso de cesión dos dereitos cinexéticos, esta terá unha duración mínima de cinco anos e máxima de vintecinco. Durante este período de 25 anos os titulares poderán rescatar os seus dereitos pasados cinco anos dende a súa última autorización expresa. Para prorrogar a cesión máis alá de 25 anos será necesaria a autorización expresa dos propietarios

das parcelas. A cesión de permisos de caza a terceiros deberá ser autorizada expresamente polos propietarios das parcelas."

Emenda nº5, ao apartado 3, de Adición. Artigo 13

Débese engadir ao remate do punto 3 o seguinte texto:

"sempre que o contrato de cesión dos dereitos cinexéticos o permita expresamente."

Emenda nº6, ao apartado 3, de Supresión. Artigo 14

Débese suprimir o punto 3.

Emenda nº7, ao apartado 1, de Adición. Artigo 15

Débese engadir ao remate do punto 1 o seguinte texto:

"os contratos de cesión de dereitos cinexéticos non poderán ter unha antiguidade superior a cinco anos."

Emenda nº8, ao apartado 6, de Supresión. Artigo 15

Débese suprimir o punto 6.

Emenda nº9, ao apartado 8, de Adición. Artigo 15

Débese engadir un novo punto co seguinte texto:

"8. En tódolos procedementos de declaración de Tecor deberá solicitarse informe do Comité Provincial de Caza correspondente ou, cando o seu ámbito territorial comprenda varias provinciais, do Comité Galego de Caza."

Emenda nº10, ao apartado 1, de Adición. Artigo 17

Débese engadir no punto 1, entre "non cederon o dereito cinxético de xeito expreso" e "a favor do/a titular ou titulares" a seguinte expresión:

", ou que o cederon hai máis de cinco anos,"

Emenda nº11, ao apartado 2, de Substitución. Artigo 17

Débese substituír o texto do punto 2 polo seguinte:

"2. Para excluír un terreo so será necesario facer unha comunicación á consellaría responsable que será encargada xunto co Tecor da sinalización dos terreos."

Emenda nº12, ao apartado h), de Adición. Artigo 18

Débese engadir un novo apartado co seguinte texto:

"h) Pola comisión de infraccións graves ou moi graves, sempre que estas afecten as condicións impostas nas autorizacións administrativas relativas á protección e ó ordenado aproveitamento das poboacións cinxéticas e dos ecosistemas dos que forman parte."

Emenda nº13, ao apartado 2, de Substitución. Artigo 19

Débese substituír no punto 2 a seguinte expresión:

"50 hectáreas" por "200 hectáreas"

Emenda nº14, ao apartado 2, de Adición. Artigo 19

Débese engadir ao remate do punto 2 o seguinte texto:

"Nestes terreos estará prohibida a caza durante toda a vixencia do TECOR."

Emenda nº15, ao apartado 1, de Substitución. Artigo 21

Débese substituir no punto 1 a seguinte expresión:

"75%" por "100%"

Emenda nº16, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 21

Débese suprimir o punto 2.

Emenda nº17, ao apartado 5, de Adición. Artigo 21

Débese engadir ao remate do punto 5 o seguinte texto:

", sempre que así o autoricen os propietarios dos terreos."

Emenda nº18, ao apartado 1, de Substitución. Artigo 22

Débese substituir no punto 1 a seguinte expresión:

"75%" por "100%"

Emenda nº19, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 22

Débese suprimir o punto 2.

Emenda nº20, ao apartado 4, de Adición. Artigo 22

Débese engadir un novo punto co seguinte texto:

"4. Reservarase unha porcentaxe de permisos diarios a favor dos propietarios de terreos incluídos no Tecor que cedesen o seu aproveitamento cinexético a título gratuito, no momento da

constitución do Tecor, e de acordo co que establezan os estatutos en vigor legalmente aprobados a este respecto."

Emenda nº21, ao apartado 2, de Adición. Artigo 23

Débese engadir ao remate do punto o seguinte texto:

", e o prazo de cesión para a totalidade da superficie."

Emenda nº22, ao apartado 3, de Supresión. Artigo 23

Débese suprimir no punto 3 o seguinte texto:

"e non será de aplicación a presunción de cesión de titularidade cinxética establecida nos artigos 21.2 e 22.2."

Emenda nº23, ao apartado 1, de Adición. Artigo 24

Débese engadir ao remate do punto o seguinte texto:

"A declaración de reserva de caza levará implícita a súa inclusión no Rexistro Xeral de Espacios Naturais de Galicia."

Emenda nº24, ao apartado 3, de Substitución. Artigo 25

Débese substituir o seguinte:

Onde pon "50" debe poñer "100"

Emenda nº25, ao apartado 4, de Adición. Artigo 25

Débese engadir un novo punto co seguinte texto:

"4. As competicións deportivas so estarán permitidas neste tipo de TECORES."

Emenda nº26, ao apartado 1, de Substitución. Artigo 27

Débese substituir no punto 1 a seguinte expresión:

"75%" por "100%"

Emenda nº27, ao apartado 2, de Adición. Artigo 31

Débese engadir ao remate do punto 2 o seguinte texto:

"Estas autorizacións deberán ser outorgadas polo Consello da Xunta de Galicia."

Emenda nº28, ao apartado e), de Adición. Artigo 32

Débese engadir un novo apartado co seguinte texto:

"e) vías públicas."

Emenda nº29, de Adición. Artigo 36

Débese engadir un novo artigo co seguinte texto:

"Artigo 36.bis)

Para efectos desta lei considéranse vías públicas as vías férreas, autoestradas, autovías, vías rápidas e outras estradas e camiños públicos pavimentados."

Emenda nº30, de Adición. Artigo 38

Débese engadir ao remate do artigo o seguinte texto:

"Está prohibido cazar nestes terreos."

Emenda nº31, ao apartado 2.a), de Substitución. Artigo 42

Débase substituír o texto do punto 2.a) polo seguinte:

"2.a) As marxes e zonas de servidume das vías públicas ampliados nunha franxa de 100 metros dende o eixo da vía ou dende o peche no caso de ser vías pechadas. No caso de utilizar armas cun alcance maior ós 100 metros a distancia será 1,2 veces o alcance da escopeta."

Emenda nº32, ao apartado 2.c), de Adición. Artigo 42

Débase engadir no punto 2.c) o seguinte texto:

"No caso de utilizar armas cun alcance maior ós 100 metros a distancia será 1,2 veces o alcance da escopeta."

Emenda nº33, ao apartado 3, de Supresión. Artigo 42

Débase suprimir o punto 3.

Emenda nº34, de Supresión. Artigo 44

Débase suprimir o artigo.

Emenda nº35, ao apartado 3, de Adición. Artigo 52

Débase engadir ao remate do punto 3 o seguinte texto:

"para aquelas especies que se determinen regulamentariamente."

Emenda nº36, ao apartado 1.a), de Substitución. Artigo 57

Débase substituír o texto do punto 1.a) polo seguinte:

"1.a) Ter dezaoito anos de idade."

Emenda nº37, ao apartado 1.i), de Adición. Artigo 57

Débese engadir un novo apartado co seguinte texto:

"1.i) Estar en condicións físicas e mentais adecuadas para o exercicio da caza."

Emenda nº38, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 58

Débese suprimir o punto 2.

Emenda nº39, ao apartado 5, de Adición. Artigo 58

Débese engadir no punto 5, despois de "reglamentariamente" o seguinte texto:

"Estas probas deberán ser repetidas cada 5 anos."

Emenda nº40, ao apartado 8, de Supresión. Artigo 58

Débese suprimir o punto 8

Emenda nº41, ao apartado 4, de Substitución. Artigo 61

Débese substituir a seguinte expresión:

"da Administración autonómica." por "dos TECORES, podendo ser este fondo complementado pola Xunta de Galiza."

Emenda nº42, ao apartado 1, de Substitución. Artigo 62

Débese substituir o segundo paragrafo do punto 1 polo seguinte texto:

"Os/as cazadores/as deberán someterse ás oportunas probas de detección cando sexan requiridos/as para iso polos membros dos corpos e forzas de seguridade ou outros axentes da autoridade. Por vía regulamentaria determinarase o procedemento, as dilixencias que se leven a cabo e, en xeral, as regras a que deberá axustarse esta actuación."

Emenda nº43, ao apartado 3, de Substitución. Artigo 62

Débese substituir a seguinte expresión:

"50 metros" por: "100 metros"

Emenda nº44, ao apartado 8, de Adición. Artigo 66

Débese engadir un novo punto co seguinte texto:

"8. Queda prohibida a utilización de munición de chumbo."

Emenda nº45, ao apartado e), de Adición. Artigo 67

Débese engadir un novo apartado co seguinte texto:

"e) O GPS dos cans durante a acción de cazar."

Emenda nº46, ao apartado 4, de Adición. Artigo 68

Débese engadir un novo punto co seguinte texto:

"4. Só se poderá circular con vehículos a motor polos camiños que legalmente se estableza.

a) Queda prohibida a circulación de vehículos a motor por sendeiros, corredeiras, devasas, vías de saca, campo a través.

b) A velocidade máxima permitida nos camiños habilitados para acceder a zonas de caza será de 30 quilómetros a hora."

Emenda nº47, ao apartado 1.c), de Adición. Artigo 69

Débese engadir no punto 1.c) o seguinte texto:

"No caso de utilizar armas cun alcance maior ós 100 metros a distancia será 1,2 veces o alcance da escopeta."

Emenda nº48, ao apartado 1.n) bis), de Adición. Artigo 69

Débese engadir un subapartado 1.n) bis) co seguinte texto:

"1.n) bis).- Prohíbese a caza en tobo."

Emenda nº49, ao apartado 4, de Adición. Artigo 69

Débese engadir un novo punto co seguinte texto:

"4. Prohíbese cazar en zonas afectadas por incendios forestais nos 5 anos posteriores a que se producise o mesmo."

Emenda nº50, de Supresión. Artigo 70

Débese suprimir o artigo.

Emenda nº51, ao apartado 1.b), de Supresión. Artigo 71

Débese suprimir no punto 1.b) a seguinte expresión:

"e a caza do raposo"

Emenda nº52, ao apartado 2.b), de Supresión. Artigo 71

Débese suprimir o punto 2.b)

Emenda nº53, ao apartado 2, de Substitución. Artigo 72

Débese substituír a seguinte expresión:

"en terreos cinexéticos sometidos a réxime especial" por: "en terreos cinexético-deportivos"

Emenda nº54, ao apartado 3, de Supresión. Artigo 72

Débese suprimir o seguinte texto:

"non obstante, os órganos citados no número anterior poderán autorizar competicións fóra deste sempre que sexa con caza sementada."

Emenda nº55, ao apartado 1, de Substitución. Artigo 74

Débese substituír a seguinte expresión:

"da consellaría competente en materia de caza" por: "Xunta de Galiza"

Emenda nº56, ao apartado 2, de Substitución. Artigo 74

Débese substituír o texto do punto polo seguinte:

"2. No exercicio das súas funcións os axentes facultativos medioambientais terán a consideración de Policía Xudicial dacordo co disposto no artigo 283 da Lei de Enxuízamento Criminal e obstentan o carácter de axentes da autoridade, sempre e cando presten servizo e no exercicio das súas funcións."

Emenda nº57, ao apartado 8, de Substitución. Artigo 75

Débese substituír a seguinte expresión:

"dos terreos" por: "dos dereitos"



Emenda nº58, ao apartado 1, de Supresión. Artigo 83

Débese suprimir o punto 1.

Emenda nº59, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 83

Débese suprimir o punto 2.

Emenda nº60, ao apartado 4, de Supresión. Artigo 83

Débese suprimir o punto 4.

Emenda nº61, ao apartado 6, de Supresión. Artigo 83

Débese suprimir o punto 6.

Emenda nº62, ao apartado 7, de Supresión. Artigo 83

Débese suprimir o punto 7.

Emenda nº63, ao apartado 9, de Supresión. Artigo 83

Débese suprimir o punto 9.

Emenda nº64, ao apartado 11, de Supresión. Artigo 83

Débese suprimir o punto 11.

Emenda nº65, ao apartado 12, de Supresión. Artigo 83

Débese suprimir o punto 12.

Emenda nº66, ao apartado 14, de Adición. Artigo 83

Débese engadir ao final do punto o seguinte texto:

", salvo en terreos da súa propiedade ou onde estea permitida a caza."

Emenda nº67, ao apartado 18, de Supresión. Artigo 83

Débese suprimir o punto 18.

Emenda nº68, ao apartado 20, de Supresión. Artigo 83

Débese suprimir o punto 20

Emenda nº69, ao apartado 21, de Substitución. Artigo 83

Débese substituir a seguinte verba:
"terreos" por: "dereitos cinexéticos dos terreos"

Emenda nº70, ao apartado 26, de Supresión. Artigo 83

Débese suprimir o punto 26.

Emenda nº71, ao apartado 27, de Supresión. Artigo 83

Débese suprimir o punto 27

Emenda nº72, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 84

Débese suprimir o punto 2.

Emenda nº73, ao apartado 5, de Supresión. Artigo 84

Débese suprimir o punto 5.

Emenda nº74, ao apartado 22, de Supresión. Artigo 84

Débese suprimir a seguinte expresión:

"sen autorización"

Emenda nº75, ao apartado 30, de Supresión. Artigo 84

Débese suprimir o punto 30.

Emenda nº76, ao apartado 41, de Adición. Artigo 84

Débese engadir un novo punto co seguinte texto:

"41. Cazar sen renovar a licenza."

Emenda nº77, ao apartado 42, de Adición. Artigo 84

Débese engadir un novo punto co seguinte texto:

"42. Non abrir ou descargar a arma cando se aproximen ao/á cazador/a persoas ou grupos de persoas alleas á cazaría, así como nos momentos de descanso ou reunión entre os/as cazadores/as."

Emenda nº78, ao apartado 43, de Adición. Artigo 84

Débese engadir un novo punto co seguinte texto:

"43. Practicar a caza a cabalo, agás no exercicio da cetraría ou no caso de discapacidade física."

Emenda nº79, ao apartado 44, de Adición. Artigo 84

Débese engadir un novo punto co seguinte texto:

"44. Non impedir que os cans propios vaguen sen control, evitando que danen as especies silvestres, as súas crías e os niños en calquera época do ano."

Emenda nº80, ao apartado 45, de Adición. Artigo 84

Débese engadir un novo punto co seguinte texto:

"45. Incumprir as normas que regulen o adestramento de cans e aves de cetraría nas zonas que se establezan para o efecto recollidas nos plans de ordenación cinexética, facelo na época de maior sensibilidade na cría das especies silvestres ou facelo fóra destas."

Emenda nº81, ao apartado 46, de Adición. Artigo 84

Débese engadir un novo punto co seguinte texto:

"46. Non cumprir o establecido no artigo 42.3 sobre caza en camiños e augas públicas que atravesen ou linden con terreos cinexéticos."

Emenda nº82, ao apartado 47, de Adición. Artigo 84

Débese engadir un novo punto co seguinte texto:

"47. Estar en posesión de armas ou municións legais non permitidas para a modalidade de caza que se estea a practicar."

Emenda nº83, ao apartado 48, de Adición. Artigo 84

Débase engadir un novo punto co seguinte texto:

"48. Incumprir o establecido no artigo 66.5 respecto do abandono dos cartuchos baleiros e vaíñas, así como calquera outro residuo usado nas prácticas cinexéticas."

Emenda nº84, ao apartado 49, de Adición. Artigo 84

Débase engadir un novo punto co seguinte texto:

"49. Empregar aeronaves de calquera tipo, vehículos terrestres motorizados e embarcacións en movemento, como medio de transporte de armas desenfundadas, ou calquera outro medio de caza listo para o seu uso en día hábil de caza."

Emenda nº85, ao apartado 50, de Adición. Artigo 84

Débase engadir un novo punto co seguinte texto:

"50. Cazar nos chamados días de fortuna, segundo a definición que fai o artigo 69.1.b), sen autorización."

Emenda nº86, ao apartado 51, de Adición. Artigo 84

Débase engadir un novo punto co seguinte texto:

"51. Usar ou portar cartuchos con perdigóns de chumbo nas zonas húmidas."

Emenda nº87, ao apartado 52, de Adición. Artigo 84

Débese engadir un novo punto co seguinte texto:

"52. Cazar en zonas queimadas nos cinco anos posteriores a producirse o incendio."

Emenda nº88, ao apartado 53, de Adición. Artigo 84

Débese engadir un novo punto co seguinte texto:

"53. Disparar a árbores ou vexetación."

Emenda nº89, ao apartado 54, de Adición. Artigo 84

Débese engadir un novo punto co seguinte texto:

"54. Clavar sinais dos terreos cinéxicos en árbores ou calquera tipo de vexetación viva."

Emenda nº90, ao apartado 55, de Adición. Artigo 84

Débese engadir un novo punto co seguinte texto:

"55. Circular con vehículos a motor fora das zonas permitidas e habilitadas."

Emenda nº91, ao apartado 19, de Adición. Artigo 85

Débese engadir un novo punto co seguinte texto:

"19. Circular con armas de caza cargadas, usalas ou disparar en dirección ás zonas de seguridade, agás que se dispoña de autorización para iso."

Emenda nº92, ao apartado 20, de Adición. Artigo 85

Débese engadir un novo punto co seguinte texto:

"20. No exercicio da caza menor, usar munición de bala, agás autorización expresa."

Emenda nº93, ao apartado 21, de Adición. Artigo 85

Débese engadir un novo punto co seguinte texto:

"21. Cazar con armas de fogo automáticas ou semiautomáticas cuxo cargador poida conter máis de dous cartuchos ou rifle anestésico sen autorización."

Emenda nº94, ao apartado 1.a), de Substitución. Artigo 86

Débese substituir o texto do punto 1.a) polo seguinte:

"a) Dous anos as infraccións leves."

Emenda nº95, ao apartado 1.b), de Substitución. Artigo 86

Débese substituir o texto do punto 1.b) polo seguinte:

"b) Aos cinco anos as infraccións graves."

Emenda nº96, ao apartado 1.c), de Substitución. Artigo 86

Débese substituir o texto do punto 1.c) polo seguinte:

"c) Aos dez anos as infraccións moi graves."

Emenda nº97, ao apartado 1.a), de Substitución. Artigo 87

Débese substituir no punto 1.a) a seguinte expresión:

"100 a 600", por: "150 a 900"

Emenda nº98, ao apartado 1.b), de Substitución. Artigo 87

Débese substituir no punto 1.b) a seguinte expresión:

"601 a 6.000", por: "901 a 9.000"

Emenda nº99, ao apartado 1.c), de Substitución. Artigo 87

Débese substituir no punto 1.c) a seguinte expresión:

"6.001 a 30.000", por: "9.001 a 45.000"

Emenda nº100, ao apartado 1.a), de Substitución. Artigo 90

Débese substituir o texto do punto 1.a) polo seguinte:

"a) Aos dous anos as impostas por infraccións leves."

Emenda nº101, ao apartado 1.b), de Substitución. Artigo 90

Débese substituir o texto do punto 1.b) polo seguinte:



"b) Aos cinco anos as impostas por infraccións graves."

Emenda nº102, ao apartado 1.c), de Substitución. Artigo 90

Débese substituír o texto do punto 1.c) polo seguinte:

"c) Aos dez anos as que se impoñan por infraccións moi graves."

Emenda nº103, de Adición. Disposición transitoria segunda

Débese engadir, ao remate da Disposición transitoria segunda o seguinte texto:

", e durante un prazo máximo de cinco anos."

Emenda nº104, ao apartado 1, de Supresión. Exposición de motivos

Débese suprimir ao remate do segundo parágrafo a seguinte expresión:

"deportiva e"

Emenda nº105, ao apartado 8, de Supresión. Exposición de motivos

Débese suprimir ao remate do terceiro parágrafo a seguinte expresión:

"sen que iso supoña convertelos en santuarios para todas as especies."



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2013 18:14
Nº Registro: 13589
Data envío: 07/10/2013 18:14:56.602

Asinado dixitalmente por:

David Fernández Calviño na data 07/10/2013 13:30:41

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 07/10/2013 13:30:56